



O Parlamento convoca oito bolsas para a formación práctica de titulados universitarios

- **As bases publicáronse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia de hoxe e os interesados dispoñen dun prazo de 15 días para presentar as solicitudes**

Santiago, 9 de novembro de 2015.- O Boletín Oficial do Parlamento de Galicia publica, na súa edición de hoxe, as bases da convocatoria de 8 bolsas para a formación práctica de persoas en posesión dun título de grao ou licenciatura universitaria na sede do lexislativo galego.

A convocatoria, tamén anunciada no Diario Oficial de Galicia, inclúe tres bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación; unha bolsa de formación en comunicación institucional; dúas bolsas de formación en publicacións; unha bolsa de formación en informática; e unha bolsa de formación en xestión parlamentaria.

Trátase da sexta edición dunha iniciativa que ten a súa orixe nun protocolo asinado entre a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, e os reitores das tres universidades galegas en maio de 2010.

Cada una destas bolsas de formación práctica terá una duración de doce meses. As bases da convocatoria poden en consultarse no [Boletín Oficial do Parlamento de Galicia](#) e na propia web da institución. Os interesados dispoñen dun prazo de quince días naturais, contados a partir de mañá, para presentar as solicitudes.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.